



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

Lingüística Grega I

Amelia del Carmen Pereiro Pardo

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

AUTORES: Amelia del Carmen Pereiro Pardo
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome e Código	Lingüística Grega I (G5071328)
Titulación	Grao en Filoloxía Clásica
Carácter	Maior
Curso	3.º
Número de créditos	6 créditos (6 x 25 h = 150 horas de dedicación do alumno)
Duración	2º Cuadrimestre
Profesora Responsable	Amelia del Carmen Pereiro Pardo Despacho nº 316, Facultade de Filoloxía, 3º andar Tel. 881811887 ameliadelc.pereiro@usc.es
Titoría	Titorías presenciais: Martes e Mércores de 10:00 a 13:00 h.

2. OBXECTIVOS

Estudo e análise dos sistema lingüístico do grego antigo no seu nivel sintáctico co fin de mellorar a comprensión dos textos nos seus diferentes rexistros (literarios, técnicos, dialectais), obxectivo principal da Filoloxía.

Como obxectivo secundario procurarase desenvolver a capacidade de teorización lingüística do alumno por medio da avaliación crítica das diferentes propostas explicativas.

3. COMPETENCIAS

- Coñecemento dos principios de construción sintáctica do Grego Antigo.
- Mellora da fluidez gramatical e comprensión necesarias para ler os textos clásicos gregos.
- Coñecemento básico dos principais modelos explicativos lingüísticos aplicados á disciplina sintáctica: histórico, estruturalista, funcionalista e cognitivista.
- Adquisición dunha capacidade crítica básica para a avaliación dos distintos modelos teóricos en razón do grao de idoneidade dos mecanismos explicativos que achegan para dar conta dun mesmo fenómeno sintáctico.
- Percepción diacrónica da morfosintaxe da lingua grega, desde o seu entronque coa reconstrución indoeuropea ata a súa evolución cara o grego moderno.
- Reflexión sobre a relación entre os compoñentes sintácticos, léxico, semántico e pragmático na expresión dunha lingua dada – o grego antigo-.
- Adquisición dos requisitos metodolóxicos esenciais na investigación nunha lingua de corpus.

4. CONTIDOS DA MATERIA

1. A sintaxe do grego antigo: concepto e métodos.
2. A oración: concepto, estrutura, constituintes e tipos.
3. O verbo e as súas categorías: persoa, número e diátese; aspecto e tempo; modo e modalidade.
4. O sintagma nominal: determinantes e modificadores.
5. O sintagma nominal e pronominal e as categorías de xénero, número e caso (nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo e dativo).
6. O sintagma adverbial e preposicional. Os preverbios.

7. O infinitivo e o participio. Adxectivos verbais en –τος e –τεος.

8. A oración composta e complexa.

9. As partículas e a articulación do discurso.

5. BIBLIOGRAFÍA

5.1. BÁSICA

CRESPO, E, CONTI, L. & H. MAQUIEIRA (2003), *Sintaxis del griego clásico*, Madrid: Gredos.

RIJKSBARON, A. (2006), *The Syntax and Semantics of the Verb in Classical Greek. An Introduction*, Chicago / London : The University of Chicago Press.

5.2. COMPLEMENTARIA

ADRADOS, F. R. (1992), *Nueva sintaxis del griego antiguo*, Madrid : Gredos.

BIZOS, M. (2002), *Syntaxe grecque*, Paris : Vuibert.

CARRIERE, J. (1967), *Stylistique grecque*, Paris : Klincksieck, D. L.

DELAUNOIS, M. (1988), *Essai de syntaxe grecque classique. Réflexions et recherches*, Bruxelles : Facultés Universitaires Saint-Louis.

GOODWIN, W. W. (1897), *Syntax of the Moods and Tense of the Greek Verb*, London : Macmillan.

HUMBERT, J. (1972³), *Syntaxe grecque*, Paris : Klincksieck.

KÜHNER, R. & B. GERTH (1963), *Ausführliche Grammatik der griechischen Sprache. II Satzlehre*, München : Max Hueber.

LASSO DE LA VEGA, J. S. (1968), *Sintaxis griega*, Madrid : CSIC.

RODRÍGUEZ ALFAGEME, I. (1989), *Sintaxis griega*, Madrid : CSIC.

SCHWYZER, E. & A. DEBRUNNER, (1934-1971), *Griechische Grammatik II: Syntax und Stilistik*, München : C.H. Beck.

SMYTH, H. W. (1984), *Greek Grammar*, Cambridge (Massachussetts) : Harvard University Press.

6. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO EN CRÉDITOS ECTS E CALENDARIO DE ACTIVIDADES

A materia consta de 6 créditos (6 x 25 = 150 horas de traballo do alumno) das que 50 horas son presenciais. As Titorías programadas realizaranse no mes de outubro e novembro e fixarase na aula o día e hora.

Nos dous cadros seguintes detállase a distribución de horas previstas para cada actividade e o cronograma:

SE = Sesións expositivas; SS= Sesións de Seminario; TP = Titoría programada; Av. = Avaliación.

ACTIVIDADES

<i>Actividades</i>	<i>Horas presenciais</i>	<i>Horas de traballo autónomo</i>	<i>Total</i>
Sesiones expositivas	30	80	110
Sesións de seminario	15	10	25
Sesións de Titoría programada	2	0	2
Sesións de avaliación	3	10	13
Total de horas de actividade	50	100	150

CRONOGRAMA

FEBREIRO 2012	12 horas
Presentación do programa	1 – SS
Tema I	1– SS
Tema II	2 - SS + 1 SE
Tema III	4 – SS + 3 SE
MARZO 2012	15 horas
Tema IV	2 SE + 1 SS
Tema V	8 SE + 4 SS
ABRIL 2012	8 horas
Tema VI	2 - SS + 1 - SE
Tema VII	4 – SE + 1 SS
MAIO 2012	10 horas
Tema VIII	4 – SE + 3 SS
Tema IX	2 – SE + 1 SS
XUÑO 2012	3 horas
Avaliación = día 4	3 - Av

7. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

A docencia está distribuída na semana en dúas horas expositivas e nunha hora de seminario. Nas sesións expositivas a explicación teórica dos temas estará sustentada en exemplos extraídos dos textos gregos, principalmente, de época clásica. A hora de seminario estará dedicado ao análise sintáctico de textos.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Valorarase no traballo realizado polo alumno na aula, o seu esforzo, progreso na aprendizaxe, participación activa na labor a realizar nos seminarios. Esta valoración constitúe o 30% da cualificación final.

Exame final que representará o 70% da cualificación final na que se avaliará o coñecemento e a comprensión por parte do alumno dos constidos teóricos básicos e a súa aplicación á análise sintáctica dos textos gregos. Esta proba realizarase o día 4 de xuño, data oficial publicada na páxina Web da Facultade.

Na convocatoria do mes de xullo, respetaranse os criterios de cualificación aplicados na convocatoria de final de cuadrimestre. A data oficial do exame, publicada na páxina Web da Facultade, é o día 4 de xullo.

A duración do exame nas dúas convocatorias será de tres horas máximo.

ÍNDICE

1. Datos descriptivos da materia.....	3
2. Obxectivos	3
3. Competencias	4
4. Contidos da materia	4-5
5. Bibliografía.....	5
6. Distribución do traballo en créditos ECTS	
e Calendario de actividades	6-7
7. Metodoloxía da ensinanza.....	8
6. Sistema de avaliación	8